




INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

**PREGO DE BASES DO CONCURSO PARA A VENDA DE PARCELAS DE SOLO
EMPRESARIAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) NA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

EXPEDIENTE: VENDA PARCELAS E./2024





**PREGO DE BASES DO CONCURSO PARA A VENDA DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL
DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA.**

EXPEDIENTE: VENDA PARCELAS E./2024

Índice

I.- OBXECTO	4
II.- RÉXIME XURÍDICO	4
III.- PUBLICIDADE	4
IV.- PARCELAS E PREZOS OBXECTO DO CONCURSO.....	5
A.- PARCELAS	5
B.- PREZOS.....	5
V.- REQUISITOS DO LICITADOR.....	5
A- CAPACIDADE.....	5
B.- GARANTÍA.....	6
VI.- PROCEDEMENTO.....	7
A.- CONCURSO	7
B.- OFERTAS.....	7
B.1.- OFERTAS INDIVIDUAIS	7
B.2.- OFERTAS CONXUNTAS.....	7
C.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.....	7
SOBRE A.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA	8
SOBRE B.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA	10
D.- CONSTITUCIÓN DA MESA	11
E.- APERTURA DO SOBRE A	12
F.- APERTURA DO SOBRE B.....	12
G. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DA VENDA.....	13
H. PAGAMENTO DA PARCELA E DOS IMPOSTOS CORRESPONDENTES.....	14
VII.- COMPROMISOS E OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS	14
1. OBRIGA DE EDIFICAR, DE TER IMPLANTADA A ACTIVIDADE E DE MANTER O SEU FUNCIONAMENTO.....	14
2. SERVIDUMES EN MATERIA DE ENERXÍA ELÉCTRICA	16



3. REDES DE SERVIZO.....	16
4. ENTIDADES URBANÍSTICAS DE CONSERVACIÓN	16
5. CONDICIÓN E SERVIZOS DA PARCELA.....	17
6. URBANIZACIÓN INTERIOR E COMPLEMENTARIA DA PARCELA	17
7. DANOS OCASIONADOS POLO ADQUIRENTE NAS ZONAS DE USO PÚBLICO OU INSTALACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL	17
8. INSCRIPCIÓN REXISTRAL DA PARCELA, DA CONDICIÓ RESOLUTORIA E DO DEREITO DE ADQUISICIÓ PREFERENTE	17
VIII.- ANEXOS	18
ANEXO I.- LISTADO DE PARCELAS.....	19
ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE	23
ANEXO III.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A CONCORRENCIA DE CRITERIOS DE DESEMPATE.....	24
ANEXO IV.- MODELO DE PROPOSICIÓ ECONOMICA.....	25

INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO
TESORÍA XURÍDICA



PREGO DE BASES DO CONCURSO PARA A VENDA DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

EXPEDIENTE: VENDA PARCELAS E./2024.

I.- OBXECTO

Constitúe o obxecto deste prego a regulación das condicións que rexerán no concurso para a venda de parcelas de solo empresarial de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) que posúe en parques empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

II.- RÉXIME XURÍDICO

O concurso, así como os contratos de compravenda que se celebren en virtude deste procedemento, rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación e extinción, polo presente prego, polos respectivos anexos, ademais de polo establecido no Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo IGVS.

No non previsto nesas normas estarase ao disposto na lexislación de contratos do sector público e nas normas de dereito privado.

III.- PUBLICIDADE

Os pregos do presente concurso, os seus anexos, ademais da información relativa ás ordenanzas reguladoras dos parques empresariais onde se sitúan as parcelas e aos planos de situación e parcelarios, figurarán na páxina web do IGVS (<https://igvs.xunta.gal/solo-empresarial/alleamento-de-solo-empresarial>) dende o momento en que o anuncio de licitación se publique no *Diario Oficial de Galicia*.



Así mesmo, será obxecto de publicación na devandita páxina web toda a información relativa á tramitación do procedemento.

IV.- PARCELAS E PREZOS OBXECTO DO CONCURSO

A.- PARCELAS

As parcelas obxecto deste concurso pertencen en pleno dominio ao IGVS. A referencia ao parque empresarial onde estea situada cada unha delas, as súas dimensións, así como o seu uso figuran no anexo I.


Todas e cada unha das parcelas obxecto da presente licitación adxudicaranse como corpo certo, polo que non procederá ningunha reclamación por posibles variacións da súa superficie nin como consecuencia de calquera das súas características, xa sexan estas xeolóxicas, topográficas ou doutra índole.

A parcela entregarase coa formalización da correspondente escritura pública de adquisición, a cal terá lugar nos termos previstos no apartado H do punto VI, e coas condicións e servizos previstos no correspondente proxecto de urbanización.

B.- PREZOS

O prezo base de licitación de cada unha das parcelas é o que figura no anexo I, baixo a referencia "*prezos bonificados*". Para estes efectos, o día 7 de febreiro de 2024 o Consello reitor do IGVS aprobou unha bonificación do 30% e do 50%, en función do parque, respecto aos prezos de venda actuais.

Os devanditos prezos teñen carácter de prezos mínimos, de xeito que non se admitirá ningunha proposta por un prezo inferior. Estes prezos non inclúen o IVE, que se engadirá ao de adxudicación no momento de efectuar a formalización da compravenda.





V.- REQUISITOS DO LICITADOR

A- CAPACIDADE

Poderá participar no concurso calquera persoa, física ou xurídica, española ou estranxeira, que teña plena capacidade de obrar, de acordo co Código Civil. Non obstante o anterior, non poderán participar no procedemento as persoas que solicitasen ou estean declaradas en concurso, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal. Tampouco poderán participar aquelas persoas e entidades que no momento da presentación da documentación tiveran pendentes obrigas económicas co IGVS.

B.- GARANTÍA

Para participar no presente concurso requirirase ter constituído previamente unha garantía do cinco por cento do prezo base de licitación da parcela sobre a que se realice a oferta.


No caso de concorrer á licitación por máis dunha parcela, deberase constituír a correspondente garantía por cada unha delas.

A garantía poderá constituírse en calquera das modalidades previstas no artigo 108.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A garantía deberá estar formalizada na Caixa Xeral de Depósitos da Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia, a favor do IGVS.

As garantías devolveranse dentro dos tres días hábiles seguintes ao que se notifique a resolución de adxudicación das parcelas, salvo no caso dos adxudicatarios, que se lle devolverá dentro dos tres días hábiles seguintes ao da formalización da correspondente escritura de adxudicación. Non obstante, será incautada a garantía daqueles licitadores que retiren inxustificadamente a súa oferta antes da adxudicación, así como aos dos adxudicatarios que non concorran ao acto da firma da correspondente escritura pública.

En virtude do establecido na Orde do 23 de maio de 2008, pola que se regulan os

 INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO
ESCRITURA XURÍDICA



procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG núm. 115, do 16 de xuño), as persoas e as entidades que precisen constituír unha garantía en documento de aval na Caixa Xeral de Depósitos poderán empregar o procedemento telemático que se regula na citada orde.

VI.- PROCEDEMENTO

A.- CONCURSO

O procedemento para a adxudicación das parcelas realizarase mediante concurso.


B.- OFERTAS

B.1.- OFERTAS INDIVIDUAIS

Os licitadores poderán realizar tantas ofertas como parcelas estean interesados en adquirir, aínda que só poderán presentar unha oferta por parcela. Se, a pesar diso, un mesmo licitador presentase dúas ou máis ofertas respecto a unha mesma parcela, admitiranse todas, pero no momento da apertura do sobre relativo ás proposicións económicas só se terá en conta a oferta máis alta. Esta mesma regra será de aplicación para aquelas empresas que, pertencendo a un mesmo grupo ou en cuxos órganos de administración coincidan unha ou varias persoas, realicen máis dunha oferta sobre unha mesma parcela.

B.2.- OFERTAS CONXUNTAS

Sen prexuízo do dereito para presentar ofertas individuais, os licitadores tamén poderán presentar ofertas conxuntas, sempre que se trate de parcelas contiguas e poidan formar unha única parcela mediante a agrupación de todas elas. Para estes efectos, enténdese por oferta conxunta aquela na que o licitador só queira ser adxudicatario de todas as parcelas incluídas na súa oferta. Nestes casos aplicarase o disposto no apartado anterior, para o caso de que se presenten dúas ou máis ofertas para as mesmas parcelas.





C.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas deberán remitirse por correo certificado, a través das oficinas de Correos, aos servizos centrais do IGVS, sitos en Área Central s/n, Polígono das Fontiñas, en Santiago de Compostela. As ofertas remitidas por unha canle distinta ou a un lugar diferente ao indicado non serán admitidas.

O licitador deberá xustificar o mesmo día da remisión da documentación ou, como moi tarde, antes do vencemento do prazo sinalado no anuncio para a súa presentación, a través de correo electrónico ao enderezo contratacionigvs@xunta.gal, a data do envío na oficina de Correos e os datos identificables da persoa ou entidade que remite a documentación. Se non concorrese este requisito, tampouco será admitida a oferta. Así mesmo, transcorridos dez días naturais, contados desde o último para a presentación da oferta, sen que esta se recibise, tampouco será admitida.

A data límite para a presentación das ofertas será a sinalada no anuncio de licitación. O devandito anuncio publicarase no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web do IGVS.

A documentación para presentar polos interesados deberá figurar nun único sobre, pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, con indicación do seu nome e apelidos, así como do seu domicilio, número de teléfono móbil e enderezo de correo electrónico. Con todo, os licitadores que realicen ofertas para varias parcelas poderán presentalas nun mesmo sobre ou en sobres separados. Exceptúase o caso de que se trate de ofertas conxuntas, as cales deberán figurar nun único sobre; noutro caso, inadmitiranse estas.

No anverso deste sobre farase constar o seguinte texto:

"Contén documentación para participar no concurso de venda de parcelas de solo empresarial do IGVS na Comunidade Autónoma de Galicia. Expediente: Venda parcelas E./2024".

Ademais do citado texto, deberá facerse constar, de ser o caso, que o sobre contén unha oferta conxunta.

A presentación da oferta implicará o coñecemento e a aceptación polo licitador de todas as condicións deste prego, así como da situación física e xurídica-urbanística da/s parcela/s.



O sobre que presente o licitador deberá conter no seu interior dous sobres: o sobre A, no que figure a documentación administrativa, e o sobre B, que deberá conter a proposición económica.

SOBRE A.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

O sobre A deberá presentarse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente. No seu anverso deberá constar o seguinte texto:

"SOBRE A: documentación administrativa para participar no concurso de venda de parcelas de solo empresarial do IGVS na Comunidade Autónoma de Galicia. Expediente: Venda parcelas E./2024".

Este sobre deberá conter a seguinte documentación:

1.- Documentación acreditativa da súa personalidade xurídica e capacidade de obrar, nos seguintes termos:

1.1- Se se trata dunha persoa física ou dun empresario individual, documento nacional de identidade e o número de identificación fiscal ou documento equivalente.

1.2- Se se trata dunha persoa xurídica, escritura de constitución e, se é o caso, de modificación, inscrita no rexistro público correspondente, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial, así como o número de identificación fiscal ou documento equivalente.

1.3- Se se trata dunha persoa física ou xurídica non española dun Estado pertencente á Unión Europea deberá presentar, traducida de forma oficial, a seguinte documentación:

1.3.1- Documento de identidade persoal, expedido polas autoridades do seu país, para o caso de que o licitador fose unha persoa física. Se se tratase dunha persoa xurídica, os seus documentos constitutivos, inscritos nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo.



1.3.2- Poder bastante, para o caso de que o licitador non actúe en nome propio ou se trate de persoa xurídica.

1.3.3- Declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir como consecuencia do concurso, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder.

1.4- Os licitadores estranxeiros de Estados non membros da Unión Europea, ademais da documentación esixida no apartado anterior, deberán presentar un certificado expedido pola Embaixada de España no Estado correspondente, no que se indique que o licitador ten capacidade de obrar.


2. No suposto de que o licitador actúe mediante representación, así como no caso de que a oferta sexa realizada por dúas ou máis persoas, documento acreditativo de quen asume a representación, a cal deberá figurar inscrita no Rexistro Mercantil, para o caso de que o licitador sexa unha persoa xurídica.

3. Anexo II, de declaración responsable, nos termos nel indicados.

4. Anexo III, de declaración responsable sobre a concorrencia de criterios de desempate.

5. Documento acreditativo de ter constituído a correspondente garantía para participar no concurso. Para o caso de que a oferta se refira a varias parcelas, deberán achegarse tantos documentos acreditativos como parcelas sobre as que se realiza a oferta.

6. Memoria sobre o proxecto empresarial que o licitador pretende implantar na/s parcela/s, especificando a actividade que quere desenvolver, o investimento que ten previsto realizar, as edificacións que se ten proxectado construír, unha previsión dos postos de traballo directos a crear e un plan de etapas, no que se detalle a execución do proxecto.



Se un mesmo licitador presenta varias ofertas, xa sexa nun mesmo sobre ou en sobres separados, abondará que presente unha soa vez a documentación administrativa, con excepción dos documentos xustificativos de ter constituído as correspondentes garantías. Non obstante o anterior, deberá presentar as correspondentes memorias, para o caso de que as parcelas para as que se realicen as ofertas se pretendan destinar a proxectos

empresariais diferentes.

Se no sobre A figurase documentación correspondente ao contido do sobre B, o licitador será excluído do procedemento de adxudicación por vulnerar o carácter secreto das proposicións.

SOBRE B.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA

O sobre B deberá presentarse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente.

No seu anverso deberá constar o seguinte texto:

"SOBRE B: Proposición económica para participar no concurso de venda de parcelas de solo empresarial do IGVS na Comunidade Autónoma de Galicia. Expediente: Venda parcelas E./2024".

Ademais do citado texto, tamén deberá indicar, se é o caso, que a súa oferta realízase a un conxunto de parcelas que, unha vez agrupadas, poidan constituír unha única parcela.

Este sobre deberá conter a proposición económica e a parcela para a que se fai esta, formulada estritamente con suxeición ao modelo que se inclúe como anexo IV ao presente prego, expresando o seu importe en cifras e en letra. No caso de existir discordancia entre a cantidade ofertada en cifras e a cantidade expresada en letra, prevalecerá a cantidade expresada en letra.

Nas ofertas conxuntas deberá indicarse o prezo ofertado para cada unha das parcelas. Se algún dos prezos presentados estivera por debaixo do prezo de licitación, decaerá toda a oferta conxunta.

Na proposición económica non se incluírá o IVE correspondente.



D.- CONSTITUCIÓN DA MESA

Na data sinalada no anuncio de licitación para a apertura do sobre A constituirase a mesa de licitación, a cal estará presidida pola persoa que nomee o/a titular da Dirección Xeral do

IGVS. Tamén formará parte da mesa, con funcións de secretario/a, a persoa titular do Servizo de Contratación do citado organismo; unha persoa representante da Intervención Xeral da Xunta de Galicia; un letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e unha persoa pertencente á Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade do IGVS, a cal será nomeada pola Dirección Xeral do devandito organismo.

A mesa poderá solicitar aos licitadores toda a información que considere necesaria para o correcto desenvolvemento do procedemento.

E.- APERTURA DO SOBRE A

Constituída a mesa, procederase á apertura do sobre A de cada un dos licitadores. Se se apreciase a existencia de erros emendables na documentación presentada, comunicaráselle ao interesado, mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), para os efectos de que poida emendalo no prazo máximo de dez días naturais, so pena de telo por desistido.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta ao dispor da notificación, sen que se acceda ao devandito contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación no domicilio indicado no sobre A.

A documentación requirida deberá ser presentada electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia na seguinte ligazón: web <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A> ou, de ser o caso, por calquera outro medio que acredite a súa presentación.

A mesa, unha vez cualificada a documentación anterior e emendados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, determinará os licitadores que se axustan ás condicións do presente prego, con pronunciamento expreso dos admitidos á licitación, dos rexeitados e das causas de tal rexeitamento. A mesa fará público



o devandito acordo na páxina web do IGVS.

F.- APERTURA DO SOBRE B

O acto público de apertura das proposicións económicas (sobre B) terá lugar no lugar, día e hora que se fixe no anuncio de licitación que, en ningún caso, será coincidente co sinalado para a apertura dos sobres A.

A mesa de licitación, constituída en acto público, abrirá o sobre B dos licitadores admitidos e analizará o seu contido. Posteriormente, elevará á Dirección Xeral do IGVS a proposta de adjudicación que estime máis vantaxosa. Para estes efectos, no caso de que concorran varias ofertas, xa sexan individuais ou conxuntas, sobre unha ou varias parcelas, a mesa de licitación deberá realizar a súa proposta valorando todas elas conxuntamente, de modo que a/s oferta/s máis vantaxosa/s será/n aquela/s que, no seu conxunto, reporte/n máis ingresos para o IGVS.

Se se presentan dúas ou máis proposicións do mesmo importe sobre unha/s mesma/s parcela/s e resultaran ser estas as máis vantaxosas, prevalecerá a do licitador que, á finalización do prazo de presentación de ofertas, cumpra os requisitos de preferencia que se sinalan a continuación, segundo o orde seguinte:

1º.- Que sexa propietario dunha parcela lindeira a aquela para a que fixo a oferta.

2º.- Que sexa propietario dunha ou máis parcelas no mesmo parque empresarial. Dentro destes, darase preferencia a aquel que sexa propietario de máis superficie.

3º.- Que ten traballadores con discapacidade en máis do dous por cento do seu cadro de persoal.

4º.- Que teña implantado un plan de igualdade ou estea en posesión da marca galega de excelencia en igualdade.

Para estes efectos, a mesa de licitación poderá solicitar aos licitadores canta información estime pertinente.

No caso de que se segue existindo coincidencia entre dúas ou máis ofertas, realizarase un

sorteo en acto público, o cal se comunicará coa antelación suficiente aos licitadores

G. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DA VENDA

A resolución de adxudicación adoptarase pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, a proposta da mesa e previo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e seralle notificada aos adxudicatarios por medios electrónicos.

O adxudicatario deberá formalizar o contrato de compravenda mediante o outorgamento de escritura pública na data e ante o notario que para estes efectos lle comunique o IGVS. A formalización da escritura producirase nun prazo non superior a tres meses, a contar dende o día seguinte á notificación da resolución de adxudicación. Non obstante, nos casos nos que o adxudicatario acredite ter solicitado axudas ante o IGAPE ou ante calquera outro organismo público e non se lle notificara a correspondente resolución, o devandito prazo, a petición do propio adxudicatario, poderá ser ampliado ata tres meses máis. Así mesmo, previa solicitude do adxudicatario, a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderá prorrogar o prazo indicado cando considere que concorren causas xustificativas.

Se o adxudicatario, xa sexa de ofertas individuais ou conxuntas, renunciase á adquisición ou non comparecese ante a notaría na data indicada polo IGVS, perderá a garantía constituída, sen prexuízo da obriga de indemnizar a dito organismo polas perdas ocasionadas.

H. PAGAMENTO DA PARCELA E DOS IMPOSTOS CORRESPONDENTES

O adxudicatario deberá pagar integramente o prezo de adxudicación da parcela, mailo IVE correspondente, no momento en que se formalice a escritura pública de compravenda, mediante transferencia bancaria á conta ES21.2100.4333.15.0200026316, titularidade do IGVS. Para estes efectos, deberá presentar ante a notaría un resgardo da transferencia do prezo da compravenda, así como un segundo resgardo correspondente á cantidade relativa ao IVE.

O adxudicatario deberá aboar todos os gastos notariais e rexistrais derivados do outorgamento da escritura de compravenda, así como todos os impostos, arbitrios, tributos de calquera natureza e calquera outros conceptos análogos que deriven da



compravenda. Serán, igualmente, de cargo do adquirente todos os gastos notariais, rexistrais e fiscais que deriven da constitución e cancelación da condición resolutoria e do dereito de adquisición preferente que figuren na escritura pública de compravenda. O imposto municipal sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana será de cargo do IGVS.

VII.- COMPROMISOS E OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

En virtude deste prego o adquirente da parcela, así como, no seu caso, os posteriores titulares desta, deberán cumprir as seguintes obrigas:


1. OBRIGA DE EDIFICAR, DE TER IMPLANTADA A ACTIVIDADE E DE MANTER O SEU FUNCIONAMENTO

O adquirente obrígase a edificar e a ter implantada a actividade especificada na memoria que figura na documentación administrativa, con todos os permisos e licenzas correspondentes, no prazo de tres anos, contados dende a data de formalización da compravenda. Para estes efectos, deberá solicitar, ao seu custo, todas as autorizacións que foran necesarias, someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental, se así fora esixible, e cumprir as obrigas urbanísticas e medioambientais previstas na lexislación vixente. Estes extremos acreditaranse ante o IGVS, sen necesidade de requirimento previo, mediante a presentación da correspondente documentación xustificativa.

O prazo antes indicado de tres anos poderá ser prorrogado polo IGVS, previa solicitude do adquirente, cando concorran circunstancias que así o xustifiquen.

Así mesmo, o adquirente obrígase a manter en funcionamento a citada actividade durante un prazo mínimo de dez anos, a contar dende o día en que se lle notifique a licenza de actividade. Non obstante, o IGVS poderalle autorizar o cese ou o cambio da dita actividade antes de que finalice o citado prazo, cando se acrediten causas que o xustifiquen.

Estas obrigas considéranse esenciais, de modo que, en caso de incumprimento, o IGVS poderá optar entre esixir, ben o seu cumprimento, ben por instar a resolución de contrato, cunha penalización, nun e noutro caso, dunha contía equivalente á cantidade bonificada na





correspondente parcela, segundo figura no anexo I.

En caso de optar pola resolución, o IGVS será propietario, tanto do solo transmitido, como das obras e edificacións que, de ser o caso, puideran existir sobre a parcela, de conformidade coas seguintes regras.

- Para o caso de que as obras e/ou as edificacións realizadas na parcela constituísen gastos necesarios ou útiles para o IGVS, este organismo virá obrigado a reembolsalos, sempre que se lle acredite a súa conformidade a dereito mediante as correspondentes certificacións.

- Se as obras e/ou as edificacións non reportasen ningunha utilidade, o IGVS poderá esixir que se repoña a parcela ao seu estado orixinario. Nestes supostos, caso de que non se proceda á reposición dentro do prazo indicado no correspondente requirimento, o IGVS poderá executar as obras necesarias para iso, a costa do adquirente.

Asemade, en tanto non se cumpran estas obrigas de edificar, ter implantada a actividade e manter o seu funcionamento nos prazos indicados, o adquirente non poderá segregar ou dividir a/s parcela/s adquiridas en virtude deste concurso, sen a previa autorización do IGVS. Tampouco poderá transmitilas por ningún título, salvo por acto *mortis causa* ou por pacto sucesorio, sen a autorización do citado organismo. Para estes efectos, o adquirente da parcela deberá comunicarlle ao IGVS na correspondente solicitude todas as condicións da transmisión, incluído o prezo de venda e os datos identificativos da persoa ou entidade interesada na súa adquisición. Nestes supostos, dentro dos seguintes trinta días naturais, a contar dende a presentación da solicitude, o IGVS terá un dereito de adquisición preferente polo prezo polo que, en virtude deste concurso, vendeu a parcela, ao que se lle deberá engadir os gastos necesarios e útiles realizados nela, de conformidade co anteriormente indicado.

A autorización para a transmisión entenderase concedida cando transcorresen trinta días naturais, contados dende a presentación da correspondente solicitude. A persoa ou entidade que, en virtude da dita autorización adquira a parcela, subrogarase na posición do transmitente respecto a todos os dereitos e obrigas establecidos na correspondente escritura de compravenda formalizada co IGVS.

A transmisión realizada sen a indicada autorización será nula de pleno dereito.



O disposto neste apartado será de aplicación tanto para a segunda como para as posteriores transmisións.

2. SERVIDUMES EN MATERIA DE ENERXÍA ELÉCTRICA

O adquirente obrígase a respectar as servidumes legais establecidas respecto ao tendido da enerxía eléctrica que, no seu caso, afecte á parcela adquirida, debendo gardar as distancias mínimas establecidas polas disposicións que regulan esta materia.

3. REDES DE SERVIZO

O adquirente obrígase a permitir o libre establecemento de redes de servizo na zona de recuamento que establezan as ordenanzas reguladoras do parque, reforzando, se fose preciso, as zonas de entrada, a fin de non prexudicar as ditas redes.

4. ENTIDADES URBANÍSTICAS DE CONSERVACIÓN

O adquirente obrígase a integrarse na entidade urbanística de conservación que se constitúa para a conservación do parque, así como a satisfacer os gastos proporcionais que correspondan á súa parcela, de acordo co que estatutariamente se determine. Para estes efectos, o adquirente autoriza ao IGVS para que, no seu caso, redacte os estatutos ou o regulamento da entidade de conservación do parque.

5. CONDICIÓN E SERVIZOS DA PARCELA

O adquirente obrígase a contratar pola súa conta todos os servizos necesarios para o desenvolvemento da actividade prevista no seu proxecto. En particular, todo o referente á contratación da ampliación da electrificación de que está dotada a parcela é responsabilidade exclusiva do adquirente.

6. URBANIZACIÓN INTERIOR E COMPLEMENTARIA DA PARCELA

O adquirente obrígase a realizar, ao seu cargo, a urbanización interior e complementaria da parcela, conforme as condicións aprobadas no correspondente proxecto de urbanización. Asemade, serán da súa conta a construción de muros de contención e as obras de desmorte, de recheo ou de calquera outra natureza que quixera realizar dentro da súa parcela, sen que polos ditos conceptos poida reclamar ningunha cantidade ao IGVS.

7. DANOS OCASIONADOS POLO ADQUIRENTE NAS ZONAS DE USO PÚBLICO OU INSTALACIÓNS DO PARQUE EMPRESARIAL

O adquirente, caso de que ocasionara, por calquera causa que lle fose imputable, danos na rúa, nas redes de servizo, nas beirarrúas o en calquera outras instalacións do parque, obrígase a aceptar a súa taxación elaborada polos técnicos municipais ou, no seu caso, polos técnicos do IGVS, así como a satisfacer o importe correspondente ao organismo encargado do mantemento e coidado do parque ou, no seu defecto, ao concello.

8. INSCRICIÓN REXISTRAL DA PARCELA, DA CONDICIÓ RESOLUTORIA E DO DEREITO DE ADQUISICIÓN PREFERENTE

O adquirente da parcela obrígase a inscribir no correspondente Rexistro da Propiedade a escritura de compravenda, así como a condición resolutoria e o dereito de adquisición preferente que figuran na primeira obriga.

O IGVS prestará o seu consentimento para a cancelación da condición resolutoria, así como do seu dereito de adquisición preferente cando considere cumpridas polo titular da parcela a obriga de edificar, implantar e manter a actividade proxectada, nos termos expostos na obriga primeira. Para estes efectos, estas consideraranse cumpridas:

- Respecto da terminación da edificación, coa presentación do certificado final de obra ou coa copia da escritura de declaración de obra nova terminada.
- Respecto da habilitación para exercer a primeira actividade: coa presentación da comunicación previa do inicio da actividade ou documento que a substitúa, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.
- Respecto do mantemento da actividade durante o prazo indicado: coa presentación da correspondente xustificación documental.

Así mesmo, o IGVS obrígase a prestar o seu consentimento para a posposición da condición resolutoria e/ou do dereito de adquisición preferente a favor das hipotecas que garantan créditos ou préstamos concedidos por entidades financeiras con destino ao financiamento das obras de edificación na parcela. Os gastos e impostos que ocasione a prestación do consentimento para a posposición e a súa inscrición serán de cargo do adquirente. O IGVS,



á vista das circunstancias concorrentes, poderá autorizar a prestación do consentimento para a posposición antes indicada cando o préstamo sexa concedido por persoa ou entidade que non teña a condición de entidade financeira.

VIII.- ANEXOS

Anexo I.- Listado de parcelas.

Anexo II.- Modelo de declaración responsable.

Anexo III.- Modelo de declaración responsable sobre a concorrencia de criterios de desempate.

Anexo IV.- Modelo de proposición económica.





ANEXO I.- LISTADO DE PARCELAS

PROVINCIA	PARQUE	PARCELA	USO	SUPER F. (m ²)	PREZO ACTUAL (€)	BONIFICACIÓN	PREZO BONIFICADO (€)	PREZO BONIFICADO (€/m ²)
A CORUÑA	As Somozas	A	Industrial	1.900,00 m ²	40.138,59 €	50,00 %	20.069,30 €	10,56 €/m ²
A CORUÑA	As Somozas	B	Industrial	15.600,00 m ²	329.558,98 €	50,00 %	164.779,49 €	10,56 €/m ²
A CORUÑA	As Somozas	F	Industrial	32.500,00 m ²	578.176,05 €	50,00 %	289.088,03 €	8,90 €/m ²
A CORUÑA	Curtis	E8	Industrial	8.439,77 m ²	448.489,37 €	30,00 %	313.942,56 €	37,20 €/m ²
A CORUÑA	Curtis	E9	Industrial	8.439,36 m ²	448.467,59 €	30,00 %	313.927,31 €	37,20 €/m ²
A CORUÑA	Curtis	E10	Industrial	8.438,46 m ²	448.419,76 €	30,00 %	313.893,83 €	37,20 €/m ²
A CORUÑA	Melide 1ª fase	Social	Social	2.340,00 m ²	119.085,75 €	30,00 %	83.360,03 €	35,62 €/m ²
A CORUÑA	Melide 1ª fase	Comercial	Comercial	2.340,00 m ²	119.085,75 €	30,00 %	83.360,03 €	35,62 €/m ²
A CORUÑA	Pontedeume	Social 35	Social	1.139,00 m ²	46.472,11 €	50,00 %	23.236,06 €	20,40 €/m ²
A CORUÑA	Culleredo (Alvedro)	E	Social	4.700,00 m ²	40.252,79 €	30,00 %	28.176,95 €	6,00 €/m ²
LUGO	Bóveda 2ª fase	P.38-39	Industrial	836,00 m ²	18.088,06 €	50,00 %	9.044,03 €	10,82 €/m ²
LUGO	Lourenzá 2ª fase	EC	Comercial	1.233,81 m ²	55.089,62 €	50,00 %	27.544,81 €	22,33 €/m ²
LUGO	Lourenzá 2ª fase	8	Industrial	699,94 m ²	29.912,82 €	50,00 %	14.956,41 €	21,37 €/m ²
LUGO	Lourenzá 2ª fase	11	Industrial	2.237,13 m ²	99.887,85 €	50,00 %	49.943,93 €	22,33 €/m ²
LUGO	Lourenzá 2ª fase	15	Industrial	1.440,00 m ²	64.296,00 €	50,00 %	32.148,00 €	22,33 €/m ²
LUGO	Lourenzá 2ª fase	16	Industrial	1.140,00 m ²	50.901,00 €	50,00 %	25.450,50 €	22,33 €/m ²
LUGO	Lourenzá 2ª fase	17	Industrial	1.330,00 m ²	59.384,50 €	50,00 %	29.692,25 €	22,33 €/m ²
LUGO	Porto Seco de	A	Carga/descarga-	7.675,00 m ²	391.425,00 €	50,00 %	195.712,50 €	25,50 €/m ²



PROVINCIA	PARQUE	PARCELA	USO	SUPER F. (m ²)	PREZO ACTUAL (€)	BONIFICACIÓN	PREZO BONIFICADO (€)	PREZO BONIFICADO (€/m ²)
	Monforte 1ª fase		Almacenaxe					
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B1	Industrial-terciario	938,00 m ²	62.846,00 €	50,00 %	31.423,00 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B2	Industrial-terciario	525,00 m ²	35.175,00 €	50,00 %	17.587,50 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B3	Industrial-terciario	524,00 m ²	35.108,00 €	50,00 %	17.554,00 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B4	Industrial-terciario	525,00 m ²	35.175,00 €	50,00 %	17.587,50 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B5	Industrial-terciario	524,00 m ²	35.108,00 €	50,00 %	17.554,00 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B6	Industrial-terciario	524,00 m ²	35.108,00 €	50,00 %	17.554,00 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	B7	Industrial-terciario	986,00 m ²	66.062,00 €	50,00 %	33.031,00 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	C1.1	Industrial-terciario	6.417,00 m ²	429.939,00 €	50,00 %	214.969,50 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	C1.2	Industrial-terciario	6.428,00 m ²	430.676,00 €	50,00 %	215.338,00 €	33,50 €/m ²
LUGO	Porto	C1.3	Industrial-	5.704,0	394.638,	50,00	197.319,00	34,59

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
RESORÍA XURÍDICA



PROVINCIA	PARQUE	PARCELA	USO	SUPER F. (m ²)	PREZO ACTUAL (€)	BONIFICACIÓN	PREZO BONIFICADO (€)	PREZO BONIFICADO (€/m ²)
	Seco de Monforte 1ª fase		terciario	0 m2	00 €	%	€	€/m2
LUGO	Porto Seco de Monforte 1ª fase	E1	Industrial-terciario	5.441,00 m2	391.752,00 €	50,00 %	195.876,00 €	36,00 €/m2
LUGO	Monterroso	1.11	Industrial	790,00 m2	28.440,00 €	50,00 %	14.220,00 €	18,00 €/m2
LUGO	Monterroso	1.09	Industrial	790,00 m2	28.440,00 €	50,00 %	14.220,00 €	18,00 €/m2
LUGO	Monterroso	1.20	Industrial	5.601,00 m2	192.674,40 €	50,00 %	96.337,20 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.21B	Industrial	2.195,00 m2	75.508,00 €	50,00 %	37.754,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.24	Industrial	900,00 m2	31.680,00 €	50,00 %	15.840,00 €	17,60 €/m2
LUGO	Monterroso	1.25	Industrial	900,00 m2	31.680,00 €	50,00 %	15.840,00 €	17,60 €/m2
LUGO	Monterroso	1.26	Industrial	900,00 m2	31.680,00 €	50,00 %	15.840,00 €	17,60 €/m2
LUGO	Monterroso	1.27	Industrial	1.160,00 m2	41.760,00 €	50,00 %	20.880,00 €	18,00 €/m2
LUGO	Monterroso	1.28	Industrial	1.540,00 m2	52.976,00 €	50,00 %	26.488,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.29	Industrial	1.400,00 m2	48.160,00 €	50,00 %	24.080,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.30	Industrial	1.400,00 m2	48.160,00 €	50,00 %	24.080,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.31	Industrial	1.400,00 m2	48.160,00 €	50,00 %	24.080,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.32	Industrial	1.400,00 m2	48.160,00 €	50,00 %	24.080,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.33	Industrial	1.400,00 m2	48.160,00 €	50,00 %	24.080,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.34	Industrial	1.400,00 m2	48.160,00 €	50,00 %	24.080,00 €	17,20 €/m2
LUGO	Monterroso	1.35	Industrial	1.540,00 m2	52.976,00 €	50,00 %	26.488,00 €	17,20 €/m2

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
ASESORÍA XURDICA




PROVINCIA	PARQUE	PARCELA	USO	SUPER F. (m ²)	PREZO ACTUAL (€)	BONIFICACIÓN	PREZO BONIFICADO (€)	PREZO BONIFICADO (€/m ²)
	so			0 m ²	0 €	%	€	
LUGO	Monterroso	I.36-38	Industrial	2.700,00 m ²	92.880,00 €	50,00 %	46.440,00 €	17,20 €/m ²
LUGO	Monterroso	I.37	Industrial	2.700,00 m ²	92.880,00 €	50,00 %	46.440,00 €	17,20 €/m ²
LUGO	Monterroso	I.39	Industrial	800,00 m ²	28.160,00 €	50,00 %	14.080,00 €	17,60 €/m ²
LUGO	Monterroso	I.40	Industrial	640,00 m ²	22.528,00 €	50,00 %	11.264,00 €	17,60 €/m ²
LUGO	Monterroso	I.41	Industrial	640,00 m ²	22.528,00 €	50,00 %	11.264,00 €	17,60 €/m ²
LUGO	Monterroso	C.01	Comercial	7.207,00 m ²	259.452,00 €	50,00 %	129.726,00 €	18,00 €/m ²
LUGO	Quiroga f. D	A19	Industrial	650,00 m ²	26.650,00 €	50,00 %	13.325,00 €	20,50 €/m ²
LUGO	Quiroga f. D	A21	Industrial	650,00 m ²	26.650,00 €	50,00 %	13.325,00 €	20,50 €/m ²
LUGO	Quiroga f. D	A23	Industrial	650,00 m ²	26.650,00 €	50,00 %	13.325,00 €	20,50 €/m ²
LUGO	Taboada 1ª fase	I.19	Industrial	1.080,00 m ²	71.280,00 €	50,00 %	35.640,00 €	33,00 €/m ²
LUGO	Taboada 1ª fase	I.20	Industrial	1.080,00 m ²	71.280,00 €	50,00 %	35.640,00 €	33,00 €/m ²
LUGO	Taboada 1ª fase	I.21	Industrial	1.080,00 m ²	71.280,00 €	50,00 %	35.640,00 €	33,00 €/m ²
LUGO	Taboada 1ª fase	I.22	Industrial	1.080,00 m ²	71.280,00 €	50,00 %	35.640,00 €	33,00 €/m ²
LUGO	Taboada 1ª fase	I.23	Industrial	1.080,00 m ²	71.280,00 €	50,00 %	35.640,00 €	33,00 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	22	Industrial	600,00 m ²	15.300,00 €	50,00 %	7.650,00 €	12,75 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	23	Industrial	700,00 m ²	17.850,00 €	50,00 %	8.925,00 €	12,75 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	29	Industrial	600,00 m ²	15.300,00 €	50,00 %	7.650,00 €	12,75 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	30	Industrial	600,00 m ²	15.300,00 €	50,00 %	7.650,00 €	12,75 €/m ²



PROVINCIA	PARQUE	PARCELA	USO	SUPER F. (m ²)	PREZO ACTUAL (€)	BONIFICACIÓN	PREZO BONIFICADO (€)	PREZO BONIFICADO (€/m ²)
LUGO	Xermade 2ª fase	32	Industrial	600,00 m ²	15.300,00 €	50,00 %	7.650,00 €	12,75 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	33	Industrial	922,00 m ²	23.511,00 €	50,00 %	11.755,50 €	12,75 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	34	Industrial	1.059,00 m ²	27.004,50 €	50,00 %	13.502,25 €	12,75 €/m ²
LUGO	Xermade 2ª fase	35	Industrial	1.896,00 m ²	38.394,00 €	50,00 %	19.197,00 €	10,13 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	202	Industrial	2.909,00 m ²	162.904,00 €	50,00 %	81.452,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	203	Industrial	2.717,00 m ²	152.152,00 €	50,00 %	76.076,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	207	Industrial	3.176,00 m ²	177.856,00 €	50,00 %	88.928,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	208	Industrial	2.935,00 m ²	164.360,00 €	50,00 %	82.180,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	209	Comercial	4.832,00 m ²	270.592,00 €	50,00 %	135.296,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	212	Industrial	1.888,00 m ²	105.728,00 €	50,00 %	52.864,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	225	Industrial	2.707,00 m ²	151.592,00 €	50,00 %	75.796,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	226	Industrial	4.609,00 m ²	258.104,00 €	50,00 %	129.052,00 €	28,00 €/m ²



PROVINCIA	PARQUE	PARCELA	USO	SUPER F. (m ²)	PREZO ACTUAL (€)	BONIFICACIÓN	PREZO BONIFICADO (€)	PREZO BONIFICADO (€/m ²)
	fase							
OURENSE	Barco de Valdeorras 2-3ª fase	229	Industrial	2.794,00 m ²	156.464,00 €	50,00 %	78.232,00 €	28,00 €/m ²
OURENSE	Carballiño 2ª fase	32	Industrial-comercial	2.158,00 m ²	135.060,59 €	50,00 %	67.530,30 €	31,29 €/m ²
OURENSE	Celanova 1ª fase	204	Equip. Comercial-social	3.274,00 m ²	95.764,50 €	50,00 %	47.882,25 €	14,63 €/m ²
OURENSE	Ribadavia Pol 2	DS	Dotación social	1.880,32 m ²	114.323,46 €	50,00 %	57.161,73 €	30,40 €/m ²
OURENSE	Pazos fase 2.1	4	Industrial	1.465,48 m ²	99.652,64 €	50,00 %	49.826,32 €	34,00 €/m ²
OURENSE	Pazos fase 2.1	5	Industrial	2.221,04 m ²	148.809,68 €	50,00 %	74.404,84 €	33,50 €/m ²
OURENSE	Pazos fase 2.1	6	Industrial	2.668,73 m ²	168.129,99 €	50,00 %	84.065,00 €	31,50 €/m ²





ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con NIF....., en representación de....., con domicilio social en....., (correo electrónico), en relación ao concurso para a venda de parcelas de solo empresarial do IGVS na Comunidade Autónoma de Galicia. (Expediente: Venda parcelas E./2024)

DECLARA

- Que nin o licitador nin os seus administradores e/ou representantes solicitaron ou están declarados en concurso, foron declarados insolventes en calquera procedemento, están suxeitos a intervención xudicial ou foron inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal.
- Que no momento da presentación da documentación o licitador non ten pendentes obrigas económicas co IGVS.

Lugar, data e sinatura

 INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO
SERVIZO DE ASesorÍA XURÍDICA



ANEXO III.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A CONCORRENCIA DE CRITERIOS DE DESEMPATE

D....., con NIF....., en representación de....., con domicilio social en....., (correo electrónico), en relación ao concurso para a venda de parcelas de solo empresarial do IGVS na Comunidade Autónoma de Galicia. (Expediente: Venda parcelas E./2024)

DECLARA

Que no momento da presentación da oferta (marcar o que proceda):

Que é propietario dunha parcela lindeira a aquela para a que fixo a oferta. En caso afirmativo, indicar a identificación da parcela.

Que é propietario dunha ou máis parcelas no mesmo parque empresarial. Dentro destes, darase preferencia a aquel que sexa propietario de máis superficie. En caso afirmativo, indicar a identificación da/s parcela/s e a súa superficie)

Que ten traballadores con discapacidade en máis do dous por cento do seu cadro de persoal. En caso afirmativo, indicar a porcentaxe.

Que ten implantado un plan de igualdade e/ou está en posesión da marca galega de excelencia en igualdade.

Se o licitador non cumprimenta este anexo, entenderase que non concorre ningún dos supostos mencionados.

Lugar, data e sinatura

ANEXO IV.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D....., con NIF....., en representación de....., con domicilio social en....., (correo electrónico), en relación ao concurso para a venda de parcelas de solo empresarial do IGVS na Comunidade Autónoma de Galicia. (Expediente: Venda parcelas E./2024)

REALIZA A SEGUINTE PROPOSICIÓN ECONÓMICA¹:

PARQUE	PARCELA	IMPORTE EN NÚM.	IMPORTE EN LETRA

A presente oferta debe ser considerada de forma (marcar o que proceda, so no caso de que se realicen varias proposicións para varias ofertas):

Individual

Conxunta

Lugar, data e sinatura



(1) A proposición económica non incluírá o IVE.